

**Mira ás persoas vulnerables
en situación de pobreza
e exclusión social**

POBREZA

Guía de estilo: Pobreza, vulnerabilidade e voluntariado

1ª edición

**Unha guía de estilo para que
profesionais da comunicación
ofrezan unha información
de calidade sobre as persoas
vulnerables e en situación de pobreza**





Índice

1. Presentación	.3
2. Chaves para a pobreza e a exclusión social	.5
3. Como se mide a pobreza e a exclusión social?	.9
4. Algúns datos	.12
5. Pódese acabar coa pobreza?	.16
6. Termos e prácticas	.18
7. Que podemos formular (facer ou esixir)?	.22
8. Con quen contactar para pedir orientación e información?	.24
9. Recursos e referencias	.29
10. Voluntariado e cidadanía	.30

Beatriz Iraeta Gascón – *EAPN-ES*
Sara López Gómez – *Tradución*
Elvira González Gago – *Economista do*
Centro de Estudos Económicos Tomillo
Gabriela Jorquera – *EAPN-Madrid*
Jonás Candalija Tizón – *EAPN-ES*
Alba Muiños Garel – *EAPN-Galicia*
José Ignacio Santas – *Colegio Oficial de*
Trabajo Social

Marcello Ronchi – *EAPN-ES*
Marisa Salazar – *Responsable de Comunicación*
Institucional Cáritas
Susana Hidalgo – *Xornalista*
Sonia Ruíz Fresneda – *Cruz Roja*
Yolanda Polo – *CONGDE*

Deseño e Maquetación: www.avviopublicidad.com

1. Presentación

Actualmente a pobreza é o maior reto para España e para o mundo, porque é en si mesma a máis grave vulneración aos dereitos humanos, tanto pola cantidade de persoas ás que está afectando como polo efecto que produce sobre un amplo abano de dereitos. A pobreza é unha inxustiza, unha violación dos dereitos das persoas e polo tanto é inadmisíbel. Algúns países do mundo lograron ter índices de pobreza e desigualdade practicamente inexistentes, o que nos demostra que erradicar a pobreza é posible.

A pesar da súa gravidade, a pobreza non é considerada un feito noticiábel, senón que é asumida como parte da nosa normalidade. Realmente a pobreza pouco ten de normal: cada certo tempo emerxen algúns datos que nos impactan (o aumento da mesma a causa da crise económica, as cifras de pobreza infantil, etc). Aí a normali-

dade rompe e observamos a pobreza e a exclusión en toda a súa crueldade, o efecto que ten na vida das persoas que a padecen e a responsabilidade dos que deberían facerse cargo dela.

É posíbel comprender a pobreza e a exclusión social e informar sobre as súas causas e consecuencias, as súas formas de expresión, os indicadores para medilas e a interpretación correcta dos datos resultantes. Esta Guía de Estilo pretende ser unha ferramenta para profesionais da comunicación á hora de contextualizar adecuadamente este tipo de novas ademais de ter o seu apoio na súa tarefa de informar á cidadanía sobre a realidade que a rodea, dunha maneira tan comprensíbel como obxectiva e veraz. Desta maneira pretende sensibilizar aos medios de comunicación sobre a importancia do voluntariado como forma de participación social da cidadanía.



Dentro desta realidade, cobra vital importancia a existencia da desigualdade, a pobreza e a exclusión social, pois arredor delas concéntranse estigmas, prexuízos e mitos; que milleiros de persoas sofren diariamente en España e no mundo.

A Guía foi pensada como un instrumento de consulta rápida, non hai necesidade de lela de principio a fin, senón que se pode recorrer a ela para solucionar dúbidas puntuais.

Os fenómenos sociais cambian constantemente, e é imposible facer un retrato fiel e permanente das súas características e consecuencias. As formas de entender a pobreza e a exclusión social cambiaron vertixinosamente nos últimos anos, como así tamén os instrumentos e ferramentas que temos para coñecelas, describilas e intervir nelas. De feito, o termo *exclusión* é agora parte do nosa linguaxe común, cando anteriormente non era utilizado.

2. Chaves para entender a pobreza e a exclusión social

Que é “pobreza” e que é “exclusión”?

A primeira consideración é que a pobreza e a exclusión social son dúas realidades diferentes e non sempre se relacionan entre si.

O termo *pobreza* refírese á falta de recursos económicos para acceder a bens e servizos básicos. Cando se fala de pobreza en países empobrecidos considérase que estes bens e servizos básicos conforman unha “cesta concreta” (un conxunto), que se traduce a unha cantidade determinada de diñeiro (por exemplo, as persoas que dispoñen de menos de un, dous ou dez dólares ao día). Cando se fala de pobreza en países desenvolvidos, se considera a pobreza de maneira relativa, é dicir, unha persoa é pobre se dispón duns recursos económicos inferiores á media da cidadanía dese país.

Exclusión social fai referencia a un **proceso máis complexo** que consiste na perda de integración ou de participación dunha persoa nunha sociedade. A exclusión pode incluír unha falta de ingresos debida a factores como a perda dun emprego ou á dificultade para acceder ao mesmo. Tamén pode incluír a ausencia de redes familiares e sociais, unha baixa participación ou protección social, algunha discapacidade severa, a carencia dunha vivenda digna... ou distintas combinacións destes e doutros factores.

Unha boa forma de reflectir os elementos que están relacionados coa exclusión social pódense apreciar no seguinte cadro:



cadro 1: a exclusión social desde unha perspectiva integral¹

EXCLUSIÓN SOCIAL DESDE UNHA PERSPECTIVA INTEGRAL

Ámbitos	Principais factores de exclusión	Eixos de desigualdade social			
Económico	Pobreza económica	Xénero	Idade	Etnia / procedencia ou lugar de nacemento	Minorías sexuais
	Dificultades financeiras				
	Dependencia de prestacións sociais				
	Falta de protección social				
Laboral	Desemprego				
	Subocupación				
	Non cualificación laboral ou descualificación				
	Imposibilidade				
	Precariedade laboral				
Formativo	Non escolarización ou falta de acceso á educación obrigatoria integrada				
	Analfabetismo ou baixo nivel formativo				
	Fracaso escolar				
	Abandono prematuro do sistema educativo				
	Barreira lingüística				

¹ Subirats establece sete ámbitos que agrupan diferentes factores de exclusión. Algúns autores incorporan un máis: minorías sexuais. En Uceda I Maza, F. X; Romero, C; e García, M (2006): "De la protección a la judicialización: menor en riesgo versus menor de riesgo". II Symposium Internacional sobre Xustiza Xuvenil. Córdoba.

Ámbitos	Principais factores de exclusión	Eixos de desigualdade social			
Socio sanitario	Falta de acceso ao sistema e aos recursos sociosanitarios básicos	Xénero	Idade	Etnia / procedencia ou lugar de nacemento	Minorías sexuais
	Adiccións e enfermidades relacionadas				
	Enfermidades infecciosas				
	Trastornos mentais, discapacidades ou outras enfermidades crónicas que xeran dependencia doutras persoas				
Residencial	Ausencia de vivenda propia				
	Infravivenda				
	Acceso precario á vivenda				
	Vivendas en malas condicións				
	Malas condicións de habitabilidade				
	Espazo urbano degradado, con deficiencias ou carencias básicas				
Relacional	Deterioro das redes familiares (conflitos ou violencia intrafamiliar)				
	Escaseza ou debilidade das redes familiares (familias monoparentais, soidade...)				
	Escaseza ou debilidade das redes sociais				
	Rexeitamento ou estigmatización social				
Cidadanía e participación	Falta de acceso á cidadanía				
	Acceso restrinxido á cidadanía				
	Privación de dereitos por proceso penal				
	Ausencia de participación política e social				



A pobreza implica necesariamente exclusión social?

Unha persoa que está en situación de pobreza por estar desempregada non é necesariamente unha persoa excluída, simplemente ten un problema económico que se resolve facilitándolle recursos ou os mecanismos para obter ese emprego.

Desta maneira, podemos matizar que alguén, en situación de desemprego de longa duración, poida entrar en múltiples procesos de deterioro que poderían derivar en situacións de exclusión social se, por exemplo, non pode amortizar a súa hipoteca e perde a súa vivenda, ou se perde o seu permiso de traballo/residencia e por conseguinte, perde o seu dereito á tarxeta sanitaria. Pola contra, un home ou unha muller en situación de exclusión social non ten que ser pobre necesariamente. Unha persoa con algún tipo de discapacidade podería estar excluída se ten problemas para relacionarse, de saúde ou de ocio, aínda que teña uns importantes ingresos económicos. A violencia de xénero tamén abrangue todos os estratos sociais e económicos xerando unha certa exclusión social.

Se unha persoa é pobre mais non sofre exclusión social, so precisa os recursos económicos ou un mecanismo para obtelos (un emprego ou unha prestación económica). Se unha persoa está en situación de exclusión social, entón, precisa unha combinación de recursos económicos e sociais que se adecúen á súa situación e que, de forma eficaz, lle axuden a mellorar a súa posición na sociedade.

Como se relacionan pobreza e desigualdade?

Aínda que están conectadas, a pobreza e a desigualdade son fenómenos diferentes. O nivel de desigualdade nunha sociedade establécese en base á franxa que existe entre as persoas máis ricas e as máis pobres, por iso, ao falarmos de pobreza, aínda que non sempre o mencionamos, falamos tamén de riqueza.

A renda dalgunhas das persoas máis ricas do mundo equivale aos ingresos de varios millóns de individuos, e esta é unha desigualdade que vai en aumento. Segundo os datos de Nacións Unidas, o 1% da poboación mundial acapara o 35% da riqueza do planeta, mentres que a metade da poboación

ción mundial só goza do 1% da riqueza. O esquema máis clásico sobre desigualdade centra a súa análise na comparación entre países, este enfoque non é completo, xa que a desigualdade tamén se produce no interior de cada país.

Como medimos a desigualdade?

As variantes na forma de medir a desigualdade de distintos países baséase en enquisas realizadas en fogares. Como se fai? Calcúlanse os ingresos de cada persoa dividindo a renda total do seu fogar polo número de integrantes do mesmo. Despois ordénase de forma decrescente a todas as persoas ás que se lles fixo a enquisa, da máis rica á máis pobre, segundo os datos dos seus ingresos obtidos na operación anterior.

Un dos indicadores máis utilizados para medir a desigualdade, o “Índice de Gini”, baséase neste datos. O Índice de Gini exprésase en porcentaxes e utiliza valores de 0 a 100; sendo 0 a igualdade total e 100 a desigualdade absoluta. En España este índice pasou de 32 no ano 2000 a 30,3 no 2009 e a 35 no 2012 (INE). En Galicia pasou de 27,5 no 2007 a 28,3 no 2012.

O interesante non é só rexistrar o aumento na desigualdade. A nivel mundial, para os países desenvolvidos se consideran valores normais os comprendidos entre 25 e 35 e España xa alcanzou rapidamente o límite superior considerado anormal.

A desigualdade ten un efecto potenciador da pobreza, ademais de consecuencias nocivas sobre o nivel de benestar de millóns de persoas no mundo.

3 Como se miden a pobreza e a exclusión social?

Nos últimos anos melloráronse substancialmente as ferramentas de medición grazas aos esforzos realizados por organismos internacionais como Nacións Unidas, o Banco Mundial ou a Unión Europea, e aínda que, a

pobreza está razoablemente ben medida, a exclusión social, non. Non hai un indicador nin unha estatística que mida os **factores** aos que fixemos referencia e que poden derivar en exclusión social. Tampouco



existe, por conseguinte, información sobre os procesos que levan ás persoas a mellorar a súa situación.

O indicador AROPE

A Unión Europea desenvolveu o indicador coñecido como AROPE, nas súas siglas en inglés correspondentes a *At Risk Of Poverty and/or Exclusion* (En Risco de Pobreza e/ou Exclusión). Este indicador componse de tres subindicadores. O primeiro e o segundo están relacionados coa pobreza económica relativa e coa privación material respectivamente, e o terceiro, coa ausencia do principal mecanismo das nosas sociedades para conseguir recursos económicos, o emprego.

- **Renda (Taxa de Pobreza): poboación baixo o limiar nacional da pobreza.** Considérase en risco de pobreza ás persoas que viven en fogares cunha renda inferior ao 60% da renda mediana equivalente.²

- **Privación material severa (PMS):** a pobreza non só ten que ver cos ingresos que teña unha familia, senón tamén coas posibilidades de consumo que lle permiten eses ingresos. Pódense considerar en PMS as persoas que viven en fogares que declaran que non poden permitirse catro dos nove ítems seleccionados a nivel europeo

1. Pagar o aluguer ou unha letra.
2. Manter a casa a unha temperatura axeitada.
3. Afrontar gastos imprevistos.
4. Unha comida de carne, polo ou peixe (ou os seus equivalentes vexetarianos) polo menos tres veces á semana.
5. Pagar unhas vacacións unha semana ao ano.
6. Un coche.
7. Unha lavadora.
8. Un televisor.
9. Un teléfono (fixo ou móbil).

² O limiar da pobreza calcúlase en base ao 60% da mediana dos ingresos anuais por unidade de consumo, é dicir, por fogar (escala OCDE modificada). Calcúlase ordeando a poboación desde o individuo ou grupo de convivencia con menos recursos ao fogar con máis recursos. Utilízase unha escala equivalente porque se ordeamos todos os ingresos da sociedade encontrámonos con distintos tipos de fogares: fogares unipersonais, de dúas, de tres, catro persoas, etc. Un fogar dunha persoa que traballa conta con máis ingresos reais que un fogar onde viven dúas persoas e traballa unha, ou noutro onde vivan cinco persoas e traballen só dúas. Para compensar estas diferencias entre membros do fogar e os ingresos que reciben, utilízase o factor equivalencia, co que se divide a renda total dispoñíbel e se atribúe a cada membro do fogar o ingreso resultante desa división. Calcúlase a escala da OCDE modificada: 1 para o primeiro adulto; 0,5 para o resto de adultos e 0,3 para os menores de 14 anos. Unha vez que se calculen os ingresos por unidade de consumo do fogar se adxudican a todos os membros do fogar. En España, para o ano 2010, o limiar da pobreza para un fogar unipersoal foi de 7.818,2 euros, para un fogar de 2 adultos e 2 nenos equivale a 16.418,2 euros (INE), polo tanto esta figura cambia se cambia o tamaño das familias. No 2011, o limiar de pobreza para unha persoa foi de 7.508,6 euros, e para un fogar con 2 adultos e 2 nenos, 15.768 euros.

- **Intensidade de traballo, poboación con baixa intensidade de traballo por fogar (BITH):** esta variedade comprende a relación entre o número de persoas que traballan nun fogar e o das que están en idade de traballar. Como exemplo podería dicirse que, nun fogar con dous adultos no que so traballa un a xornada completa, a intensidade de traballo é de 0,5, mentres que se traballan os dous, a intensidade de traballo é de 1. Se un dos adultos traballase a media xornada e o outro a xornada completa, a intensidade de traballo deste fogar sería de 0,75. O indicador AROPE comprende as persoas que viven en fogares cunha intensidade de emprego inferior ao 0,2.

Que din os datos?

A interpretación dos datos existentes respecto da Unión Europea debe partir da primeira afirmación que se fixo neste apartado: a pobreza económica está ben medida, mais a exclusión social, non. Calquera referencia que nos ofrezca o indicador AROPE, ou outro calquera, ten que ser interpretada como a información que nos aporta un termómetro. O indicador é un instrumento que mide un síntoma, mais é insuficiente para entender as

razóns desa “subida” ou ese “descenso” da temperatura, é dicir, non nos informa de cal é a enfermidade que provoca o síntoma.

Respecto da Taxa AROPE, por exemplo; que debemos interpretar se esta sobe? A resposta está en analizar cal dos tres indicadores que a compoñen sobe máis. É dicir, podemos comprobar se o aumento se debe a que (A) a sociedade se volveu menos igualitaria en ingresos, o que influiría no indicador da renda, isto é, na **Taxa de Pobreza**, ou ben a que (B) se incrementou a **privación material severa (PMS)**, ou máis ben a que (C) aumentaron os **fogares con menos emprego (BITH)**.

Ademais, como estes datos se basean en outros moitos datos obtidos en enquisas a fogares, observando estes últimos tamén podemos saber se esa variación AROPE procede máis dun tipo de familias (por exemplo, familias monoparentais, ou máis precisamente *monomarentais*) ou máis ben vén dun tipo concreto de persoas (poboación inmigrante, persoas con discapacidade, infancia...). A Taxa AROPE avísanos tamén das diferencias entre territorios, xa sexan estes países da Unión Europea ou das distintas comunidades autónomas de España. Isto nos permite, por exemplo, preocuparnos pola evolución dos



nosos indicadores de pobreza e comparala coa evolución dos indicadores de pobreza dos nosos veciños (comunidades autónomas ou países).

Límite dos indicadores

Os indicadores, como sinalamos no punto anterior, establecen pistas para comprender como se manifestan a pobreza e a exclusión, mais para o seu uso hai que ter en conta que non reflicten a totalidade da realidade social. Aquí temos algúns exemplos das súas limitacións:

1. Os indicadores de pobreza relativa miden en realidade a desigualdade dos ingresos, non necesariamente a dos niveis de benestar.
2. A media de ingresos non se constrúe sobre os ingresos reais da poboación, senón sobre os ingresos declarados.
3. A medición dos ingresos dos fogares impide o cálculo correcto da desigualdade entre os membros dunha mesma familia. Pode ocorrer que nun mesmo núcleo familiar existan individuos pobres e outros que non o sexan.


4 Algúns datos

Ofrécense aquí algúns datos fundamentais para entender a situación-evolución da pobreza e da exclusión social en España.

No gráfico 1 vemos a evolución dos dous principais indicadores para medir a pobreza en España: a Taxa de Pobreza e a Taxa

AROPE. Ao observarmos a evolución de ambas do 2008 ao 2012, vemos que a franxa entre estes dous indicadores se foi ampliando, o que significa que os factores relativos á privación material severa e a baixa de intensidade no emprego gañaron peso nos anos da crise.

Gráfico 1. Evolución da Taxa de Pobreza e da Taxa AROPE en España. Período 2008-2012.




Fonte: INE (Enquisa de Condicións de Vida).

O gráfico 2 amósanos o panorama actual nas distintas comunidades autónomas. Isto sérvenos para ver que dentro dun país, a

pobreza non se distribúe de forma igualitaria: hai algunhas rexións cunha incidencia de pobreza máis acusada que outras.

Gráfico 2. Taxa de Risco de Pobreza e Exclusión Social por CCAA, segundo a media nacional. Ano 2012.



Fonte: INE (Enquisa de Condicións de Vida).


As diferenzas rexionais explícanse por diversos factores. Podería parecer que o máis evidente é o nivel de renda de cada comunidade autónoma, e verdadeiramente hai unha tendencia moi clara: aqueles territorios

cun PIB per cápita maior rexistran, en xeral, taxas de risco de pobreza e exclusión social menos intensas. Porén, como vemos no gráfico 3, cun mesmo nivel de renda, o indicador de pobreza pode variar en diferentes

puntos porcentuais. Por exemplo, Madrid rexistrou unha taxa de pobreza e exclusión (AROPE) de 6,1 puntos porcentuais máis que a que se acadou na Comunidade Foral de Navarra. No mesmo senso, Aragón acadou niveis de pobreza e exclusión similares

aos da Comunidade de Madrid mais cun nivel de renda notoriamente inferior. Cun nivel similar de renda ao de Aragón, a Rioxa ten unha taxa AROPE case 6 puntos porcentuais superior.

Gráfico 3. Relación entre a Taxa de Risco de Pobreza e Exclusión Social e o PIB per cápita, por CCAA. Ano 2011.



Fonte: INE (Enquisa de Condicións de Vida e Contabilidade Rexional).



Pódese rematar coa pobreza?

A pobreza non sucede de forma repentina como unha catástrofe natural. A pobreza é produto dun determinado xeito de funcionar dunha sociedade, que produce e tolera a existencia da mesma. Desde o punto de vista xornalístico córrese o risco de tratar a pobreza como unha nova e non como un proceso. Contemprar o tratamento da pobreza pódenos levar a crer que os esforzos por erradicala «non serven para nada», que «sempre houbo ricos e pobres e sempre os haberá», e que «entre políticos e mercados nos levan a todos ao cavorco, e as persoas en situación de pobreza son os que están ao fondo e non agromarán xamais».

Por iso, á hora de elaborar e dar novas **é importante contextualizar os casos de persoas que chegaron á pobreza, e non presentalos illados**. Convén explicar como e por que chegaron a esta situación, tratala como parte dun proceso e dun contexto e non como unha anécdota particular. Sería desexable contar con opinións de ex-

pertos que foran máis alá da visión fatalista e que aporten ideas e maneira de loitar contra ese tipo de situacións.

A pobreza non é unha condición natural e pode ser erradicada. Hai varios países no mundo que lograron unha redución radical da pobreza, mais isto non sucede sen máis.

Unha sociedade sen pobreza?

Unha sociedade que funciona con igualdade e xustiza terá niveis moi baixos de pobreza. Pola contra, se o funcionamento dunha sociedade é desigual e inxusto, producirase pobreza.

Nunha sociedade que produce pobreza se poden dar dúas situacións. Na primeira se xeran políticas correctoras que compensen a desigualdade e a pobreza. Na segunda, non se fai nada para paliar estes efectos nocivos, e asúmese como parte do funcionamento normal da sociedade que millóns

de persoas vivan na pobreza. Este é o peor escenario mais é moito máis común do que pode parecer.

Este funcionamento inxusto xera pobreza independentemente do ciclo económico en cuestión, xa sexa de bonanza ou de crise; un bo exemplo é o caso de España, cuxa taxa de pobreza apenas diminuíu durante o ciclo «de vacas gordas» da economía.

A pobreza e a exclusión social aumentan cando se toman decisións que o permiten, por exemplo:

- **Fiscalidade regresiva:** a que fai que os impostos carguen proporcionalmente máis ás rendas máis baixas e beneficien ás máis altas.
- **Reformas laborais que fan do emprego algo precario:** un dos seus efectos son traballadores/as pobres, que traballan de forma tan precaria que a pesar de recibir un salario non obteñen ingresos suficientes, ou non coa suficiente regularidade como para estaren exentos de pobreza.
- **Recortes sociais:** implican a renuncia a compensar as desigualdades do mer-

cado. A falta de protección social afecta proporcionalmente máis aos fogares vulnerables, que só poden compensar os seus baixos ingresos co uso de políticas correctoras como bolsas de comedor, de material escolar, etc.

Entón, que facemos? Aumentar a inversión social non só diminúe a pobreza, senón que xera riqueza. O nivel de desenvolvemento dun país depende principalmente do seu capital humano, que é máis escaso que o capital físico e que require unha inversión a longo prazo. Investir nas persoas asegura rendabilidade a longo prazo, en forma de emprego, desenvolvemento tecnolóxico e benestar. A inversión social impacta directamente na capacidade **das persoas** de xerar ingresos máis altos.

Reducir a pobreza e a desigualdade ten varios tipos de vantaxes:

- **Vantaxes prácticas,** porque facilita a estabilidade económica e a cohesión social.
- **Vantaxes éticas,** porque reduce as diferencias inxustificadas nunha sociedade e estre países.



- **Vantaxes xurídicas**, porque significa cumprir obrigacións que España asumiu ao asinar a Declaración dos Dereitos

Humanos e o Pacto polos Dereitos Económicos, Sociais e Culturais.



6. Termos e prácticas

Os medios de comunicación poden desenvolver un papel importante na construción dunha sociedade comprometida coa inclusión social. Teñen o poder e a capacidade de influír na opinión pública, concienciar á sociedade e fomentar a reflexión e o coñecemento da realidade.

Neste apartado propóñense formulacións, termos e prácticas que axuden a describir de maneira axeitada a realidade na que viven as persoas en risco de exclusión social e pobreza, obviando prexuizos e estereotipos que crean unha falsa percepción e obstaculizan a integración de determinados colectivos na sociedade.

Preténdese que o proceso xornalístico de recollida de información, elaboración das novas e difusión das mesmas sexa impar-

cial e efectivo, e que a linguaxe empregada para referirse ás persoas máis vulnerables sexa inclusiva e se libere da forte carga peyorativa que a miúdo a acompaña.

Prexuizos e estereotipos

Estes son algúns dos prexuizos e estereotipos máis frecuentes referidos ás persoas en situación de exclusión social e pobreza:

- Son pobres porque son delincuentes.
- Son pobres porque non son intelixentes, non teñen capacidade.
- Son pobres porque non queren facer nada para saír da súa situación, gústalles vivir desa maneira.

- Son pobres porque o merecen.
- Son xente ociosa e preguiceira. Abusan do sistema.
- Son xente inculta e ignorante.
- Non se pode facer nada por cambiar a súa situación, xa non ten amaño...

Esta perigosa simplificación da pobreza afástase moito das causas que levan a unha persoa a vivir nesta situación.

Como debemos e como non debemos comunicar sobre a pobreza e a exclusión?

Formulacións Inadecuadas:

- Todas aquelas que mostren as persoas empobrecidas como indignas, que culpen «ao pobre por ser pobre», e que o acusen de «aproveitarse dos recursos sociais», coma se estes foran meras axudas, e non dereitos.
- Citar frases como «é pobre pero honesto/a» ou «pobre pero traballador/a» ao informar ou opinar sobre as persoas en situación de pobreza. Este

tipo de afirmacións lexitiman a asociación entre pobreza e delincuencia, pobreza e preguiza, confinan as persoas en situación de pobreza ao lugar de «ameazas ao orde público».

- Referirse ás persoas en situación de pobreza como persoas incapaces ou sumisas, inútiles ou asociais con características morais negativas. Non se fai cando se fala de persoas da clase media ou persoas enriquecidas, porén, cando se fala de persoas empobrecidas adóitase moralizar.
- Presentar as persoas en situación de pobreza como obxectos de compaixón pública, e non como suxeitos portadores de dereitos.

Recomendados

- Evitar os estereotipos e lugares comúns en relación coa pobreza. Reflectir outras realidades, tanto xerais como particulares. A pobreza ten múltiples formas de expresión e debería ser representada en toda a súa diversidade.
- Ser exhaustivos e contextualizar ao referirse a vidas de persoas que atravesan situacións de pobreza. Dar con-



ta das causas estruturais dos problemas económicos e sociais que xeran pobreza.

- Utilizar múltiples fontes de información.
- Informar sinalando ideas e obxectando prexuízos con datos estatísticos que proveñan de fontes fiables e testemuñas de persoas afectadas, que

dean unha mirada crítica e reflexiva sobre a pobreza.

- Non asociar os/as pobres e os/as emigrantes coa ilegalidade, como se se tratara dunha relación natural.

Termos:

A continuación recompilamos un breve listado de termos recomendados, inexactos e incorrectos:

AXEITADOS

- **Empobrecidos/as**
- **Persoas en situación de exclusión**
- **Persoas en situación de pobreza**
- **Persoas en situación de vulnerabilidade**

INEXACTOS

- **Pobres:** A pobreza é unha situación que atravesan as persoas. Non é característica da súa personalidade. Nin define, nin explica o que é unha persoa.
- **Excluídos:** con este termo ocorre o mesmo que co anterior.
- **Persoas sen fogar:** non todas as persoas en situación de pobreza están sen fogar.
- **Vulnerables**

INCORRECTOS

- **Esmoleiros**
- **Marxinais**
- **Vagabundos**
- **Indixentes**
- **Pedichóns**
- **Transeúntes**
- **Preguiceiros**
- **Abusan do sistema**

Imaxes³

Reflexionar con imaxes a complexidade da exclusión social é unha tarefa complicada. Os medios de comunicación, por exemplo, poden converterse en instrumentos de sensibilización e de concienciación cidadá, dando a coñecer as capacidades e as riquezas dos que viven na pobreza e exclusión social.

- Non proporcionar imaxes estereotipadas de persoas illadas, sucias, preguiceiras, descoidadas ou pedindo esmola; nin de persoas con actitudes hostís cara aos demais ou con obxectos estigmatizadores como botellas, cartóns, etc.
- Utilizar imaxes que deixen translucir, na medida do posíbel, os xestos e os sentimentos destes homes e mulleres en situación de exclusión. No que respecta aos primeiros planos destacaremos que a proximidade do fotógrafo rompe xa co mito do excluído-intratable-temido-hostil. Utilizar imaxes nas que se amosen as relacións que estas persoas establecen cos demais, isto é, nas que aparezan estas persoas

xunto a outras, estean ou non estas últimas en situación de exclusión.

- Respetar a intimidade das persoas ao ofrecerlles a posibilidade de que a súa imaxe perante as cámaras non sexa recoñecida.
- Sempre que sexa posible cómpre mostrar imaxes que reflictan a autonomía e capacidade das persoas en situación de exclusión.
- Garantir que se conta co permiso das persoas fotografadas para difundir a súa imaxe.
- Botar man de subtítulos que identifiquen á persoa con nome e apelidos (a menos que esta persoa queira manterse no anonimato, e se utilicen os filtros precisos para protexela).
- Respetar sempre a identidade dos menores conforme á Lei de Protección do Menor. Evitar primeiros planos, imaxes en picado, imaxes de nenos/as desnutridos/as...

³ De **RECOMANACIONS PER A L'ÚS D'IMATGES EN EL MARC DEL CODI ÈTIC I DE CONDUCTA**. Federació Catalana de ONG per al Desenvolupament.



- Ter especial coidado en situacións de extrema vulnerabilidade (dor, trauma psicolóxico, asistencia médica). Non mostrar primeiros planos de feridas ou sangue, nin doutros síntomas físicos ou enfermidades.
- Ter especial coidado coa imaxe das mulleres e os roles que lles son atribuídos. Hai que evitar imaxes que reforcen estereotipos de xénero.
- Ter especial coidado coa diversidade cultural e sexual, mostrando sempre respecto cara á persoa. Evitar as tendencias ao exotismo ou folclore gratuítos que distorsionan ou esaxeran a realidade que se pretende mostrar.
- Ter coidado non só coas imaxes, senón tamén cos textos que as acompañan, xa que estes deben contextualizalas e explicalas o máximo posible.

7. Que podemos formular (facer, esixir)?

Administracións públicas

- Promover estratexias de prevención da exclusión. É importante garantir os dereitos de todas as persoas independentemente do lugar onde vivan, polo tanto as políticas de prevención deben aplicarse en todos os territorios.
- Aplicar medidas especiais para a redución da exclusión social e a pobreza nas familias, con especial atención ás familias con menores, con persoas dependentes ou con outros factores de vulnerabilidade.
- Levar a cabo medidas de inclusión activa que eviten a formación de “bolsas de pobreza”, e que garantan os dereitos básicos de subsistencia. Segundo a Comisión Europea son tres os piares fundamentais destas medidas:

- Un apoio axeitado á renda.
 - Uns mercados de traballo inclusivos.
 - Acceso a servizos de calidade.
- Crear mecanismos simples e áxiles de acceso ás prestacións.
 - Apostar polos Servizos Sociais e Públicos, entendendo estes como recursos accesibles que permiten a integración na contorna.
 - Incluír cláusulas sociais na contratación pública de servizos sociais, xa que son un instrumento que contribúe á inserción sociolaboral de persoas máis vulnerables e constitúen un avance na concepción das políticas sociais posto que buscan saídas a través da inserción socioeconómica mediante a xeración de emprego.
 - Promover que as políticas se centren nas persoas en situación de exclusión social e que contén coa súa participación.
 - Cumprir cos obxectivos da Estratexia Europa 2020. Unha das metas que se propuxo na Estratexia Europa 2020 é reducir a pobreza nun 25% en Europa, isto é, 20 millóns de persoas.

- Procurar que a loita en contra da pobreza e a exclusión social sexa unha prioridade na axenda das administracións.

Medios de Comunicación

- Evitar as imaxes da pobreza que afondan no estereotipo de cronicidade ou imposibilidade de saír dela. Pódese informar da pobreza salientando as capacidades das persoas que están nesa situación. En ocasións, baixo o pretexto da «denuncia» e de «dar visibilidade», realízase un espectáculo mediático no que se dana a intimidade e a dignidade das persoas. Convén dar por suposto que, cando se fala de pobreza, se fai referencia a situacións difíciles, mais tamén convén recordar que os que viven na pobreza están vendo vulnerados os seus dereitos, mais non por iso deixan de telos.
- É importante mostrar as historias de persoas que conseguiron avances para que a sociedade non teña unha imaxe do excluído como un marxinado ou unha carga, nin da pobreza como unha condena perpetua. As persoas poden saír da pobreza. É posible vivir nunha sociedade sen pobreza.



- Cómpre fomentar a colaboración entre os medios de comunicación e as ONG, para que estas faciliten, na medida do posible, historias e discursos diversos cos que poder traballar graficamente.

Organizacións Non Lucrativas

- Incidir para que as administracións executen modelos de intervención flexibles e adaptados ás necesidades das persoas.
- Promover a participación social e o voluntariado como elemento compensador mediante o cal a cidadanía se implique no cambio social.
- Promover que as persoas en exclusión se impliquen nos seus propios procesos de inserción e de participación cidadá.

- Asumir como requisito imprescindible o cumprimento dos códigos de conduta de imaxes e información denunciando as malas prácticas nas entidades.

A sociedade civil

- Comprometerse na defensa dos dereitos sociais, a nivel político, sindical, social, persoal, etc.
- Reivindicar a defensa dos dereitos de todas as persoas e esixir aos responsables políticos e sociais que loiten contra a pobreza.
- Ser parte activa na sociedade, implicándose na contorna e no cambio social.

8 Con quen contactar para pedir orientación e información?

EAPN-Galicia

- 👉 Mónica Permuy
- 📧 info@eapn-galicia.com
- ☎ 881 957 284 / 698 127 110
- 🌐 www.eapn-galicia.com

Coordinadora Galega de ONGD

- 👉 Helena Capera
- 📧 sensibilizacion@galiciasolidaria.org
- ☎ 981 585 189/ 618 626 627
- 🌐 www.galiciasolidaria.org

CERMI Galicia

 Anxo Queiruga
 cermi.galicia@once.es
 981 206 900 (Ext.2804)
 www.cermi.es

EAPN-España

 Jonás Candalija
 jonas.candalija@eapn.es
 917 860 411
 www.eapn.es

ACCEM-Galicia

 Daniel Bóveda
 galicia@accem.es
 981 168 897
 www.accem.es

ACPP

 Alejandro Quiñoa
 galicia@acpp.com
 881 977 339
www.acpp.com

Asociación Plataforma polo Emprego

 Miguel Fernández
 info@plataformapoloemprego.org
 981 580 506 / 662 307 019
 www.plataformapoloemprego.org/

Boa Vida Inclusión Activa

 Pepa Vázquez
 boavidainclusionactiva@gmail.com
 668 893 350
 www.boavidainclusionactiva.blogspot.com.es

Cáritas

 Ángel Dorrego
 caritas.cdtuivigo@caritas.es
 986 443 310
 www.caritas.es/tuivigo

COGAMI

 María Acuña /Cristina Pet
 prensa@cogami.es
 981 574 698
 www.cogami.es

Ecos do Sur

 Natalia Monje
 ong@ecosdosur.org
 981 150 118
 www.ecosdosur.org

Grupo Emaús Fundación Social

 Juncal Blanco
 galicia@emaus.com
 986 220 284
 www.emaus.com



FAGAL



Javier Hermida



fagal@fagal.org



981 595 121



www.fagal.org

Federación Autismo Galicia



comunicacion@autismogalicia.org



981 589 365



www.autismogalicia.org

FEAFES-Galicia



Ana Escrigas



comunicacion@feafesgalicia.org



981 554 395 - ext. 19



www.feafesgalicia.org

FEGADACE



Irene Cancelas



comunicacion@fegadace.org



659 177 709



www.fegadace.org

Down Galicia



Ana Cabaleiro



comunicacion@downgalicia.org



981 581 167



www.downgalicia.org

Érguete



Juan A. González



funderguete@terra.com



986 253 176



www.fundacionerguete.org

Fundación Juan Soñador



Eloína Ingerto



espabila@fundacionjuans.org



639817789



www.fundacionjuans.org

Meniños



Ana González



meninos@meninos.org



comunicacion@meninos.org



981 269 955



www.meninos.org

Fundación Secretariado Gitano



Eva Vera



direcciongal@gitanos.org



982 265 422



www.gitanos.org

Fundación Ronsel



Patricia Mouro



info@fundacionronsel.org



981 206 234



www.fundacionronsel.org

IGAXES3

 Pedro Solla
 comunicacion@igaxes.org
igaxes@igaxes.org
 981 561 169
 www.igaxes.org

Médicos do Mundo Galicia

 Iria Gippini
 iria.gippini@medicosdelmundo.org
 981.578.182
 medicosdomundogalicia.blogspot.com.es

EAPN-Asturias

 Loreto Ventosa
 eapn.as@gmail.com
 696 988 632
 eapnas.wordpress.com

EAPN-Melilla

 Jorge Roberto Aldao
 jorge.aldao@eapn.es
 696 965 453
 Eapnmelilla.wordpress.com

Xarxa-Valencia

 M^a José Navarro
 Xarxa.cv@eapn.es
 696965396
 Eapncv.wordpress.com

EAPN-Ceuta

 ceuta@eapn.es
 618 602 676

EAPN-Castela e León

 Noelia Martínez
 oordinacion@eapncastillayleon.es
 983 085 933
 www.eapncastillayleon.es

EAPN-Madrid

 Gabriela Jorquera
 comunicacion@eapnmadrid.org
 915 277 989
 www.eapnmadrid.org

EAPN-Murcia

 Ana M^a Torres
 eapnmurcia@eapnmurcia.org
 680 369 884
 www.eapnmurcia.org

EAPN-Andalucía

 ilar Gil
 investigacion@eapn-andalucia.org
 655 950 941
 www.eapn-andalucia.org



EAPN-Cantabria



Ana Vega



ana.vega@eapn.es



696 988 466



Eapncantabria.wordpress.com

EAPN-Cataluña



Ramón Barba



comunicacio@tercersector.cat



627 629 178



www.tercersector.cat

EAPN-Baleares



Carmen Muñóz



eapnib@gmail.com



662 366 232



xarxainclusio.org

EAPN-Aragón



redaragonesa@resaragones.org



625 537 682



www.redaragonesa.org

EAPN-País Vasco



Alfonso López



coordinación@eapneuskadi.net



626 188 213



www.eapneuskadi.org

EAPN-Navarra



Carmen Burgui



oficina@redpobreza.org



658 183 925



Redpobreza.org

EAPN-Castela A Mancha



Raúl del Viso



empleo@eapn-clm.org



661 902 767



www.eapn-clm.org

EAPN-Extremadura



Javier Segura



coordinador@eapnextremadura.com



696 988 467



Eapnextremadura.org

EAPN-Canarias



Cecilia Herrera



eapncanarias@eapn.es



626 103 929



eapncanarias.blogspot.com.es



Recursos e referencias

Instituto Galego de Estatística

http://www.ige.eu/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=005&idioma=gl

Instituto Nacional de Estadística, INE

http://www.ine.es/prensa/seccion_prensa.htm

Eurostat

http://epp.eurostat.ec.europa.eu/portal/page/portal/europe_2020_indicators/headline_indicators

Revista Galega de Economía

<https://www.usc.es/econo/RGE/dispon.htm>

AGARESO

<http://www.agareso.org/gl>

IDEGA

<http://www.usc.es/idega/>

REDE ECONOMIA ALTERNATIVA E SOLIDARIA- REAS GALICIA

http://www.economiasolidaria.org/redes/reas_galicia

Valedor do Pobo

<http://www.valedordopobo.com/>

Fundación FOESSA

<http://www.foessa.es/>

Centro de Investigaciones Sociolóxicas

<http://www.cis.es/cis/opencms/ES/index.html>

Consello Superior de Investigacións Científicas, CSIC

<http://www.csic.es/web/guest/home;jsessionid=67DB74933FD09E69AC181D85EBB63CC6>



10. Voluntariado e cidadanía

O voluntariado é unha forma de participación que pode contribuír a facer unha sociedade máis xusta. A través do voluntariado, a cidadanía implícase nas problemáticas da súa comunidade e pode elaborar un cambio social. A participación voluntaria tamén favorece ao que a realiza, xa que mediante o contacto con outras realidades, os/as cidadáns/ás teñen a oportunidade de desenvolver habilidades persoais e unha maior sensibilidade social.

O voluntariado aporta unha visión diferente sobre as relacións humanas que están detrás da acción social. As persoas voluntarias establecen unha relación horizontal coas persoas en situación de exclusión, unha interacción onde o que prima é a propia relación, non a xestión de recursos, e onde os límites se trazan de distinta forma a como sucede entre persoas en situación de exclusión e profesionais.

É habitual visualizar nos medios de comunicación a imaxe dun voluntariado asistencial e non dun voluntariado cualificado e crítico. Móstransenos máis voluntarios que ofrecen recursos (comida, roupa...) que voluntarios que xeran cambios na sociedade, voluntarios de denuncia e crítica ao sistema. Un voluntariado transformador da sociedade, que coñeza a realidade de primeira man, que se deixara «tocar» por ela e se implique no cambio, aportará unha visión insubstituíbel.

Voluntariado e Terceiro Sector constitúen unha peza chave na participación social, son realidades diferentes, non intercambiables, mais si complementarias. Ante unha sociedade na que a participación política e institucional perdeu o seu valor, é importante recordar a posibilidade que teñen o voluntariado e as institucións que traballan con voluntarios de reivindicar e

de cambiar a sociedade por unha máis xusta e igualitaria, denunciando na súa contorna as situacións de pobreza e exclusión das que son testemuñas e as causas das mesmas.

De igual xeito, a imaxe que en ocasións transcende do/a voluntario/a é a de alguén que actúa de maneira individual e unicamente orientado por boas inten-

cións, cando a realidade é que se trata dun labor que se realiza en equipo e cunha formación previa e continua. Igualmente, unha persoa voluntaria non debe ser considerada en ningún caso man de obra barata, porque o labor altruísta nace do compromiso e da solidariedade, e non está concibida para eliminar postos de traballo remunerados.



www.eapn-galicia.com

www.eapn.es



Financia:

